

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de outubro de 2022**
Ás 17.00 horas do día 19 de outubro de 2022, reúnese a Comisión Informativa de
Transparencia e Administración Provincial, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa
asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D.^a Susana Rodríguez Estévez

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Miguel Antonio Cid Álvarez (substituído por
dona Ana Patricia Torres Madureira) nin o deputado do Grupo Socialista don Aurentino
Alonso Araújo (substituído por dona Susana Rodríguez Estévez).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se
reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á

ORDINARIA DO DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de setembro de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 21 de setembro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- AUTORIZACIÓN, EN EXECUCIÓN DE SENTENZA, AO DEPUTADO PROVINCIAL RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, PARA COMPATIBILIZAR O EXERCICIO DO SEU CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA CO DESEMPEÑO A TEMPO PARCIAL DO POSTO DE TRABALLO DE PROFESOR ASOCIADO T3 - P5 NA UNIVERSIDADE DE VIGO.

O Sr. secretario dá conta do contido da proposta.

D. Bernardo Varela López, do BNG, intervén para indicar que esta situación xa a advertiu no seu momento.

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, sinala que é moi triste que alguén teña que acudir aos tribunais de xustiza para que se lle recoñeza un dereito e todo debido a que se lle tivo inquina a esta persoa e non se soubo diferenciar o persoal do político.

O **presidente da Comisión** indica que se trata, como en muchas outras ocasións, de cumprir unha sentenza coa que se pode estar ou non de acordo pero o que se hai que facer é acatala.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º. Autorizar ao deputado provincial don Rafael Rodríguez Villarino a compatibilidade do seu cargo de deputado provincial en réxime de dedicación exclusiva, co desempeño do posto de profesor asociado T3-P5 na Universidade de Vigo.

2º. Indemnizar ao deputado provincial don Rafael Rodríguez Villarino polos salarios deixados de percibir en razón da denegación da compatibilidade acordada no pleno de data 31.07.2020, si os houbera, a razón de 176,91 € / mensuais, ata que poida incorporarse ao posto ao que agora se autoriza a compatibilidade (profesor asociado T3-P5 na Universidade de Vigo).

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Trala declaración previa da súa urxencia, por non figurar na orde do día, tratouse o seguinte asunto:

3ºA.- RECOÑECEMENTO DE COMPATIBILIDADE A DON JAIME ANTONIO PINTOS PÉREZ, FUNCIONARIO INTERINO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

O Sr. secretario dá conta do contido da proposta.

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, sinala que para evitar que pasen cousas como a do punto anterior da orde do día o seu grupo vai votar a favor.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Outorgarlle ao empregado público desta Deputación Provincial don Jaime Antonio Pintos Pérez, que presta servizos como funcionario interino coa categoría de administrativo de administración xeral, a compatibilidade co exercicio dunha segunda actividade na administración pública como profesor interino na Universidade de Vigo, por entender que se cumpren os requisitos requiridos pola Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

O presente acto suxeitase as seguintes condicións:

a) O empregado público deberá manter a redución de xornada do 25% percibindo o 75% das súas retribucións ordinarias mentres persista a compatibilidade outorgada polo Pleno da Corporación en sesión de data 25/03/2022 para o exercicio da actividade privada da avogacía. A redución da xornada por interese particular do 25% foi outorgada por resolución do deputado delegado de Transparencia e Administración Provincial de data 06/10/2022, número 2022/10999 e ten efectos dende o 07/10/2022.

b) A actividade docente universitaria compatibilizada, non poderá interferir no exercicio da súa actividade como empregado público nesta Deputación Provincial, nin no horario e xornada de traballo establecido nesta institución.

SEGUNDO.- Inscribir o presente acordo, polo que se recoñece e autoriza a referida compatibilidade para o exercicio dunha segunda actividade na administración pública como profesor na Universidade de Vigo, no Rexistro de Persoal.

TERCEIRO.- Notificarlles o presente acordo ás persoas interesadas.

4º .- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta sobre un vídeo que se puido ver nas últimas semanas, denominado *Live peace a chance*, para que se lle informe cal é o custo desta

actuación promovida pola Deputación Provincial e cal é o fin específico que se persegue co mesmo xa que non alcanza a ver o interese para a provincia.

O **presidente da Comisión** di que non ten información sobre iso neste momento e que se lle contestará por escrito.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, indica que o seu grupo formulou unha pregunta en relación cun vehículo histórico que se encontra estacionado no interior do patio da Deputación Provincial, polo que quere que se amplíe a contestación remitida en canto á finalidade e uso deste vehículo adquirido pola Deputación Provincial.

O **presidente da Comisión** di que se lle contestará por escrito.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, indica que ao Concello de Xinzo de Limia chegou unha solicitude para a instalación de cámaras de conteo de persoas e vehículos en determinadas zonas do municipio, todo iso no marco do programa “*Hay un Ourense para ti, descúbrela*”. Pregunta cal vai ser a finalidade deste proxecto e en que vai consistir a referida actuación.

E, ás 17.15 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.